



CASTELAO SEMPRE

A vixencia do seu pensamento



**125 ANOS DO
SEU NACEMENTO**



CASTELAO SEMPRE / A vixencia do seu pensamento

A causa da súa actividade política, Castelao morreu no exilio en Buenos Aires en 1950. Actualmente os seus restos mortais “repousan” no Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval. Trinta anos de rexime autonómico, co centenario do seu nacemento por medio, non serviron para reforzar o significado da súa figura nin para convertelo nun verdadeiro “Pai da Patria”. No ano 2011 cúmprese o 125º aniversario do seu nacemento.

A arte ao servizo do pobo

A arte de Castelao, tanto plástica como literaria, ten a súa razón de ser fundamental no pobo galego, considerado centro de toda ela. O humanismo de Castelao, como non podía ser doutro xeito, parte da especificidade galega e da súa problemática singular. En consonancia con esta identificación, figura tamén desde cedo a preocupación polo sufrimento das persoas marxinadas, de vellos e vellas, das mulleres, dos nenos, dos cegos e dos que sofren calquer discapacidade.

“Comparade o sentimento galego dos meus primeiros debuxos coa idea galeguista do meu recente libro e veredes que son unha mesma cousa [...]. Debuxei sempre en galego e escribín sempre en galego e se tirades o que hai de galego e de humano na miña obra non quedaría nada dela.”



A nación e as clases populares

Vai ser precisamente a consideración artística do drama dunha Galiza marxinada, cunhas clases populares que se ven abocadas á emigración como último recurso, o que o leve a decantarse pola opción de participar activamente na política do seu tempo.

Desde que foi elixido parlamentario das Cortes Constituíntes en 1931 até o ano da súa morte, situou no centro da súa actividade política a cuestión nacional galega, procurando o seu recoñecemento por parte do Estado e a identificación dos propios galegos con esta causa.

Autodeterminación e Estado plurinacional

“¿Ten Galiza un idioma propio? ¿Ten territorio diferente? ¿Ten unha vida económica peculiar? ¿Ten hábitos psicolóxicos reflexados nunha cultura autóctona? Pois logo Galiza é unha nacionalidade e, polo tanto, ningún antifeixista pode negarlle o dereito de autodeterminación; é dicir, o dereito a gobernar a súa vida.”

“Unha nación é soberán e ten dereito a orgaizarse autonomicamente, sen máis límites que os derivados do respecto ao dereito igual das demais nacionalidades. A nación ten dereito a federarse con outras e a separarse da federación cando lle conviñer. Unha nacionalidade, pois, ten dereito, incluso, a constituírse en Estado independente.”

Tanto Castelao como o Partido Galeguista, no que militou, defenderon o obxectivo de lograr a “Autodeterminación política de Galiza dentro da forma de goberno republicana”. Para iso facíase preciso unha reestruturación do Estado español, unitario e centralista, partindo dun recoñecemento explícito da base plurinacional do mesmo e da liberdade



Para que a nosa
Terra sexa nosa
VOTA O ESTATUTO



das nacións que o forman. A defensa do Estatuto de Autonomía considerábase un avance táctico neste proceso. A solución pasaba en último termo pola constitución dunha Confederación Ibérica, na que tamén se integrase Portugal.

A lingua, a razón de ser

Para Castelao o idioma é o principal fundamento da nación, por iso o nacionalismo actual sempre se caracterizou por estar na vangarda da defensa desta causa. É sabedor de que o galego viviu situacións de normalidade, chegando a ser lingua esplendorosa e que a súa decadencia foi causada polo sometemento de Galiza a un longo proceso de asimilación, que el mesmo se fartou de denunciar.

“Estamos fartos de saber que o pobo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto e axeitado para ser vehículo dunha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas.”

Guerra e antifascismo

O alzamento militar e Guerra civil levan a Castelao, desde o seu compromiso político democrático, republicano e antifascista, a confeccionar as estampas de Galicia mártir, Atila en Galicia e Milicianos, desde unha inequívoca orientación de denuncia das atrocidades cometidas contra o pobo galego.



Internacionalismo

Exposto en Sempre en Galiza o pensamento ideolóxico de Castelao susténtase en 3 eixos: o carácter diferencial de Galiza, a defensa da unión pactada entre nacións do Estado máis Portugal e a análise do proceso de submetemento e colonización da Galiza desde o século XV.

Desde a conciencia de pentencer a unha nación periférica, o nacionalismo de Castelao aséntase nunha concepción verdadeiramente internacionalista, non cosmopolita, na que todos os procesos supranacionais se contemplan desde un fundamento democrático, producíndose de abaixo a arriba. Só así pode existir respecto pola diversidade, relacións de igualdade e concordia entre as patrias, rematando coa explotación e o imperialismo. Castelao rexeita “os grandes Estados, unitarios e imperialistas”, como forma definitiva das sociedades e de Europa en particular, e aposta por un internacionalismo baseado no recoñecemento e na liberdade -non no sometemento- dos pobos e nacións.

“En resume: declarámonos partidarios de toda unión pactada, sempre que se garantice a soberanía das nacionalidades”





www.bng-galiza.org